



Chamáchesme moreniña
moito ghusto non me dou-e,
/:cada cousa no seu precio
na feira nunca sobrau-e:/

Chamáchesme moreniña
i-a vista de tanta xente,
i aghora vaime quedando
moreniña para siempre.

Carmela i-a máis Anuncia
puñérons'as dúas xuntas,
/:unha pra facelo caldo,
outra pa lavalas cuncas:/

/:O aire ven da Barcala:/
o cardo a mailo canteiro
hache de dar pola cara.

Maruxiña tente dreita
que teu pai te quer casar-e.
Tan dereita te queres ter-e,
qu'ó aire te quer levar-e.
Ai larala...

/:O maneo é muiñeira:/
i-as rapaciñas da Vila
teñen a perna lixeira.

As rapaciñas da Vila
non as hei que marmular-e,
saben toca-lo pandeiro
tamén saben traballar-e.

- Cantadelle aquela... aí veñen os de San Vincenzo...
- Ai, si. É verdá. (Risas)

Aí veñen os de Rodís-e
a malos de San Vincenzo,
/:veñen ás mozas á Vila
ie veñen perdelo tempo:/

- Era nunha tasca na casa desa. E a min non me acordaba.



- E había mozos que viñan a... un viña doutra parroquia a cabo dunha irmán desa e outros doutra parroquia viñan a xunta doutra tamén aquí. E daquela botámoslle esa cántigha.
- Pero é mellor na jota que é máis bonita.

Aí veñen os de Rodís-e
a malos de San Vincenzo,
/:veñen ás mozas á Vila
ie veñen perdelo tempo:/
Ai la la la...

I aghora que me puxeches
a barrighiña redonda,
/:ou t'has de casar comigho
ou m'has de volvela honra:/

E vira, e revira,
e volve a virar
a volta do medio
/:é mala de dar (x3):/
e vira, e revira,
e volve a virar.

Cuando paso por tu puerta
cojo pan y voy comiendo
/:pa que no digha tu madre
que con verte me mantengo:/

- Que, José Manuel, están así as cousas da Vila. Ha de haber labor...
- Non si, Carmela? Han falar ben de nós e a nós ben nos importa.
- E que ten falar? Non teñen porqué falar-e.

Todos los santos son buenos,
como San José, ninguno,
/:porque floreció su vara
i-a vista de todo el mundo:/
Ai la...